

# Fronda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Nº 98

ano 17

xaneiro-febreiro 2023

## *Elementos de validación dos documentos (II):* TESTEMUÑAS, QUIRÓGRAFOS E SELOS

En novembro de 1238, o abade do mosteiro de Oseira e os fidalgos Roi, Xoán e Paio García efectuaban un **pacto** sobre as herdades de varios irmáns destes últimos que profesaban na dita abadía. Nese pacto acordaron entregar ao mosteiro un casal en Sobrado, na freguesia de San Pedro de Bembibre (actual Concello de Taboada), coa condición de conservalo mentres vivisen a cambio do pago anual dunha renda consistente en dous cuarteiros de centeo e dous de millo miúdo ou de cebada.


Para asegurar o acto xurídico estipulado no pacto convíñase plasmalo nun **documento auténtico** que puidese acreditarse en caso de litixio, tal como consta que ocorreu posteriormente. Este documento de pacto carece de signo notarial, xa que neste momento aínda non era frecuente, pero leva outros elementos que lle servían para demostrar a súa autenticidade. En primeiro lugar identificase o **scriptor** ou escribente, o sacerdote Xoán (*Iohannes sacerdos, qui notuit*). En caso de litixio, comprobarían a autenticidade do documento comparando a súa letra con outros escritos deste sacerdote.

O pacto plasmouse nunha **carta partida por abc**, é dicir, un orixinal escrito por duplicado nun pergameo que se cortou en forma dentada pola parte na que se escribían as primeiras letras do abecedario. Deste xeito o mosteiro e os irmáns citados quedaron co seu documento probatorio do pacto. De ser necesario demostrar que ambos os documentos eran orixinais e auténticos habería que comprobar que casaban os cortes dentados e as letras a, b, c ...

Como elemento adicional de autenticidade, en cada un dos orixinais que levaron as partes figuraba unha lista de dez confirmantes ou **testemuñas** que estiveron presentes no acto xurídico e que acreditaban a súa veracidade. A presenza de testemuñas foi o primeiro elemento de validación dos documentos medievais. O valor probatorio das testemuñas perviviu no tempo, de feito, cando o notario realizaba unha copia certificada e non quedaban testemuñas vivas, indicaba que o sacaba das notas dun notario anterior e que el e outras testemuñas viran os libros de notas ou o documento. Tamén comprobaba que a letra do documento que lle traían pa-

ra confirmar fose a mesma que a doutro documento do mesmo escribán, que non estivese roto ou raspado nalgunhas partes, e trataba de atopar se algunha testemuña estaba viva para que puidese dar fe de que era auténtico.

As subscricións e **signos das partes** poden ser autógrafas ou non. Neste caso concreto non o son, xa que non teñen unha das dúas fórmulas habituais: ou “ego, [nome] subscripsi” ou “signum manum [nome]”, seguindo normalmente por unha cruz.



1238, novembro [Oseira]

Pacto entre o abade do mosteiro de Oseira e Roi, Xoán e Paio García sobre as herdades dos seus irmáns profesos nesa abadía. Pergameo, escritura carolina; latín; 127 x 202 mm. AHPOu, Mosteiro de Sta. María de Oseira, Cp. 10/12.

## As testemuñas

Os elementos de validación son aqueles que confiren aos documentos privados validez e autenticidade. Externamente plásmanse na sinatura e rúbrica do autor, das testemuñas e das demais persoas que participan, pero tamén se serven doutros elementos para a autenticación como as cartas partidas por abc ou os selos.

A finais do século XII e principios do XIII, os *scriptors* empezan a deixar constancia da súa existencia, como vimos no caso do sacerdote Xoán. O *scriptor* era un mero amanuense que non estaba dotado de fe pública e polo tanto a súa sinatura non era un elemento suficiente de validación. Por esta razón, recorríase á identificación da súa letra e, sobre todo, á presenza e á rúbrica das **testemuñas**, de xeito que, nun primeiro momento, a presenza destas era a que lle daba validez ao documento. De aí as longas **listas de confirmantes** dos documentos reais, e das confirmacións destes que se pedían aos monarcas. Algúns documentos privados, a imitación dos reais, adoitaban levar tamén unha longa lista de confirmantes, como vimos no pacto de Oseira: cantos máis individuos estivesen presentes no acto xurídico, máis persoas poderían testificar en caso de litixio. En última instancia, correspondíalles aos bispos e aos xuíces a misión de dirimir as dúbidas sobre a autenticidade dun documento.

A partir do século XIII, a *fides* do documento deixa de radicar nos aspectos formais ou na posterior confirmación das testemuñas para recaer na capacidade lexitimadora e autenticadora dos **notarios**, é dicir, daqueles *scriptors* que foran dotados de fe pública por parte dunha autoridade: reis, bispos, cabidos catedralicios, mosteiros, concellos, etc. O **signo** notarial, tratado nun número anterior de *Fronde*, convértese daquela no principal elemento de validación

## Os quirógrafos

Como vimos no documento que protagoniza este número de *Fronde*, os quirógrafos consisten en dous ou máis exemplares dun mesmo documento escritos sobre a mesma peza de **pergameo** e separados logo por un corte por onde se escribiran varias letras do abecedario. Úsanse a partir do século X e, aínda que tamén reciben o nome de **cartas partidas por abc**, poden ter distintos tipos de fórmulas: ABCD..., ir as letras de dúas en dúas, formando bigramos; de tres en tres, como trigramos, ou mesmo ir o abecedario completo. É un tipo de validación utilizado para distintos tipos documentais como foros, doazóns, permutas, é dicir, escrituras cuxo contido entrañaba o mantemento de obrigas recíprocas.

A súa condición de carta partida pode aparecer na cláusula de **corroboración**, coa expresión, por exemplo, *et por que todo isto seia certo fazemos conuoso esta carta partida por a. b. c* ( Cp. 11/013). Nun principio, a **escisión** entre os exemplares que conformaban a mesma acción documental realizábase de forma recíproca. Pero, para dificultar as falsificacións empezáronse a cortar de forma sinuosa, ondulada ou dentada, e

co mesmo obxectivo introducíronse lendas entre eles, normalmente letras maiúsculas.

## Os selos

Un selo é o sinal sobre calquera materia plástica dunha **matriz gravada** sobre materias duras, como metal ou pedra, e formada na súa aparencia externa por distintas figuras como imaxes, letras ou debuxos. Na Coroa de Castela utilizáronse como elementos de validación desde 1120. Primeiro foron empregados por reis e bispos, logo por outras autoridades eclesiásticas, nobres e polos concellos; por último, estendéronse a outros particulares.



Selo pendente de chumbo con fíos de seda nunha bula do papa Pío IX do ano 1866. AHPOu, Concello de Ourense, Cp. 22/29,

Se era necesario sacar unha ou varias copias dese documento, o selo que nelas se colgaba era o sinal inequívoco da súa auténtica valía. Os primeiros selos foron os de **cera**, xa virxe ou coloreada en branco, vermello, verde, marrón ou negro. Máis tarde apareceron os de **metal**, que podían ser de chumbo, prata ou ouro. A forma máis antiga do selo é a redonda, pero esta foi variando ao longo do tempo igual que o seu tamaño.

Hai varios sistemas para unir o selo co documento, pero o máis frecuente é que vaia pegado ou colgado. O primeiro é un **selo de placa** e normalmente estampábase no lado esquerdo do papel ou pergameo, aplicando a matriz sobre cera quente, parte dela pasa á parte de atrás por un pequeno orificio practicado para o efecto e así serve como suxeitador. Os selos que van colgados denomínanse **pendentes** e adoitan estalo con tiras de pergamiño ou cordóns de liño, seda ou cáñabo que se insiren na parte baixa do pergameo, que adoita dobrarse para que resista o peso do selo. Durante a Idade Moderna xorden os **selos de tinta** impresos cun tampón no papel ou no pergameo

Texto: Amalia López Martínez. DL O 67/2006; ISSN 2659-3491